



Teaching Guide				
Identifying Data				2019/20
Subject (*)	Practicum 2	Code	750G02034	
Study programme	Grao en Podoloxía			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Fourth	Obligatory	12
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Ciencias da SaúdeEnxeñaría Naval e IndustrialFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPsicoloxía			
Coordinador	Gil Manso, Pedro	E-mail	pedro.gil.manso@udc.es	
Lecturers		E-mail		
Web	moodle.udc.es/			
General description	<p>El Prácticum consiste en prácticas pre-profesionales que se desarrollarán principalmente en la Clínica Universitaria de Podología de la Universidad de A Coruña, pudiéndose complementar esta formación con prácticas en otros centros sanitarios acreditados, con el fin de desarrollar las competencias que permitan al alumnado incorporar a su formación las competencias fundamentales y los valores profesionales para el ejercicio de la profesión podológica. Estas prácticas clínicas incluyen la participación del alumnado en el proceso de atención podológica integral con pacientes reales, siempre bajo la supervisión de un/a profesional que guiará al alumnado en el proceso de aprendizaje clínico. También se desarrollarán otras actividades en forma de seminario o sesiones clínicas en las que se abordarán contenidos y competencias relacionadas con la práctica clínica como el estudio y discusión de casos clínicos, interpretación de pruebas complementarias o realización de informes.</p> <p>Para cursar las materias del Prácticum el alumnado debe de haber obtenido previamente 90 créditos de la primera mitad del plan de estudios, de entre los cuales deben de haber obtenido obligatoriamente los correspondientes a las materias de: Podología General, Biomecánica del miembro inferior, Ortopodología 1 y Ortopodología 2, Quiropodología 1 y Quiropodología 2. Para cursar el el prácticum 2 el alumno/a deberá de haber obtendo los créditos del prácticum 1. En esta materia se desenvolverá y aplicará: Método clínico en podología. Historia clínica podológica: registro de la información obtenida. Técnicas de exploración física. Actividades radiológicas propias de la podología. Pruebas complementarias y la racionalización de su uso. Diagnóstico y pronóstico. Plan de intervención integral o tratamiento podológico. Planes de intervención específicos para el tratamiento del pie de riesgo: diabético, neurológico y vascular. Protocolos: ejecución y evaluación. Uso del instrumental, material y maquinaria empleados para la confección y aplicación de tratamientos podológicos. Medidas de resucitación y reanimación en casos de emergencia. Habilidades sociales para la comunicación y el trato con el paciente y otros profesionales. Intercambio de información con los distintos profesionales y autoridades sanitarias implicadas en la prevención, promoción y protección de la salud. Prescripción, administración y aplicación tratamientos farmacológicos, ortopodológicos, físicos y quirúrgicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Evaluación de los resultados obtenidos del proceso de atención Podológica. Capacidad en la gestión clínica de los servicios de podología. Actualización de los conocimientos, habilidades y actitudes. Calidad asistencial en la práctica de la podología. Utilización elementos de documentación, estadística, informática y los métodos generales de análisis epidemiológicos.</p>			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A33	Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.
A35	Coñecer e empregar as técnicas de exploración, diagnóstico e tratamentos dos tumores no pé. Coñecer e saber tratar as complicacións e efectos secundarios derivados da aplicación das técnicas de cirurxía podolóxica e quiropodolóxicas.
A36	Integrar e aplicar na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante la carrera, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.



A37	Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía.
A38	Realizar a historia clínica podolóxica e rexistrar a información obtida.
A39	Desenvolver as técnicas de exploración física.
A40	Desenvolver a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.
A41	Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.
A42	Emitir un diagnóstico e pronóstico.
A43	Deseñar o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.
A44	Deseñar planes de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.
A45	Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.
A46	Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.
A47	Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.
A48	Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais.
A49	Establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.
A50	Prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e quirúrxicos.
A51	Elaborar e interpretar informes clínicos.
A52	Avaliar os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.
A53	Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.
A54	Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.
A55	Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía.
A60	Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno.
A62	Adquirir habilidades de traballo en equipo como unidade na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal relacionados coa prevención, avaliación diagnóstica e tratamento podolóxico.
A64	Identificar e integrar a práctica profesional desde o respecto á autonomía do paciente; describir os elementos propios do manexo da documentación clínica con especial atención ós aspectos de confidencialidade; identificar os criterios básicos de xestión clínica, economía da saúde e uso eficiente dos recursos.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B16	Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.
B17	Capacidade de motivarse e motivar a outros.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B21	Habilidades interpersonais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A36 A60	B19	
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía.	A37		
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida.	A38		
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A39		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A40		
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A41	B12	
Emite un diagnóstico e prognóstico.	A42		
Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.	A43 A62 A64		
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A44 A62		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A45	B4 B17	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A46		
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia.	A47		
Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A48 A49	B7 B21	C1
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.	A50		
Elaborar e interpretar informes clínicos.	A51	B7 B12	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica.	A52	B14	C4
Adquirir a capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.	A53	B11 B12 B16	
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.	A54	B1 B3 B14	C6 C7 C8
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.	A55	B6	C4 C6
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico.		B2 B18	C3
Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.	A33 A35 A54		C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic



<p>Método clínico en podoloxía.</p> <p>Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida.</p> <p>Técnicas de exploración física.</p> <p>Actividades radiolóxicas propias da podoloxía.</p> <p>Probas complementarias e a racionalización do seu uso.</p> <p>Diagnóstico e prognóstico.</p> <p>Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.</p> <p>Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.</p> <p>Protocolos: execución e avaliación.</p> <p>Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.</p> <p>Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.</p> <p>Habilidades sociais para a comunicación e o trato cos e coas pacientes e outros e outras profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.</p> <p>Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.</p> <p>Elaboración e interpretación de informes clínicos.</p> <p>Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica.</p> <p>Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes.</p> <p>Calidade asistencial na práctica da podoloxía.</p> <p>Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p>	<p>O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais.</p> <p>Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o primeiro cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente no primeiro cuatrimestre do 4º curso de grao, son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum II, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p>
--	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Clinical practice placement	A64 A62 A60 A55 A54 A53 A52 A51 A50 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A33 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	240	0	240
Student portfolio	A49 B12 B1 C3 C4 C6 C7 C8	0	50	50



Objective test	A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A52 A51 A50 A55 A54 A53 A62 A60 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A33 A64	8	0	8
Personalized attention		2	0	2
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description



## Clinical practice placement

As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes reais que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol. O alumnado participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos. A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.

A ausencia a prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas (recollidas no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC), debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 3 días da ausencia na administración da CUP), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 3 prácticas. Cada ausencia xustificada adicional penalizarase con -0,25 puntos na avaliación contínua no servizo no que se ausentase. Un número maior a 8 de faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas suporá o suspenso da materia.

Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum II.

A fin de permitir a formación complementaria do alumno dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 3 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 10 días de antelación ao profesor que lle corresponda impartir a docencia ese día e ao coordinador da materia. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 4 ausencias a prácticas son:

- Congreso Nacional de Podoloxía
- Xornadas Galegas de Podoloxía
- Congresos Internacionais de Podoloxía
- Congreso de Estudantes de Podoloxía
- Xornadas Laboralia
- Actividades del Plan de Acción Green Campus Ferrol
- Outras actividades que poidan ser valoradas polos docentes desta materia

Todo o alumnado debe de asistir no grupo no que está inscrito e dado que debe de asistir todos os días a prácticas non existe a posibilidade de cambiar prácticas.

Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno debe de asinar ao entrar en prácticas no mostrador de administración (estarán dispoñibles de 9.00 a 9.15). A firma é a garantía da asistencia do alumno polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta ás prácticas. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao responsable do Prácticum 2 directamente ou deixala en administración antes de pasados 3 días desde a ausencia.

A puntualidade na asistencia ás prácticas é de obrigado cumprimento, rexistrarse calquera hora de chegada posterior ás 9:15, as faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supor o suspenso da materia. A fin de facilitar a conciliación familiar do profesorado do Practicum 2 aqueles docentes que así ou estimen, poderán acordar cos alumnos/as que correspondan en cada rotación ou troco de hora de inicio e fin da práctica notificándoo o coordinador e persoal dá CUP. Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica. E tras a mesma será este quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisións.

Durante todas as prácticas cada alumno/a deberá de levar pixama e calzado sanitario branco, así como un bolígrafo de 4 cores, lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normativas da CUP (<http://www.udc.es/fep/cup>), a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía moi especialmente no a segredo profesional refírese mantendo a orde e a limpeza en todo momento.

A presentación da materia será o 18-9-2019 ás 10:00h na aula da Clínica Universitaria de Podoloxía coa indumentaria de prácticas e o 19-9-2019 no Hall o CHUF (Hospital Arquitecto Marcide) con bátaa de prácticas, a data e hora exacta de presentación no CHUF concretarase a través da plataforma Moodle da materia na mesma semana xa que dependerá da dispoñibilidade da Xerencia Hospitalaria. Dado que o 20-9-2019 é o prazo límite de ampliación de matrícula, o inicio das prácticas será o martes 24-9-2019 segundo o horario oficial da materia e o calendario lectivo, así como os rotatorios da materia que se comunicarán o día da presentación da materia.

Antes do 12 de setembro de 2019 todos os alumnos deberán enviar á plataforma Moodle da materia, unha foto actualizada de carné, unha ficha de prácticas e a certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.



Student portfolio	<p>Esta parte do Prácticum II consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, petición de probas complementarias, elaboración de informes clínicos, etc.), e a realización de seminarios e sesións clínicas para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un prognóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas.</p> <p>Para iso todos os alumnos/as deben de elaborar e entregar a través da plataforma Moodle-Gnosis en formato PDF nomeando ao arquivo con Apellido1_Apelido2_Nome.PDF as seguintes tarefas:</p> <p>I.- Entregar un caso clínico dos pacientes vistos polo alumno. No devandito caso clínico xustificaranse os procedementos realizados e valorarán as alternativas en base á bibliografía científica e a evidencia científica dos mesmos incluíndo documentación fotográfica do mesmo. Extensión 3-20 follas por caso clínico, contando ademais cunha portada na que se inclúa o nome do alumno, o título do caso sobre o que versa e o servizo ao que fai referencia.</p> <p>Devandito caso clínico constará dos seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Anamnesis e antecedentes podolóxicos.</li><li>- Exploración física.</li><li>- Probas complementarias.</li><li>- Tratamentos aplicados: descrición, valoración, xustificación e resultados.</li><li>- Alternativas ao tratamento aplicado.</li><li>- Bibliografía (Vancouver).</li><li>- Informe clínico para entregar ó doente.</li><li>- Folla de consentimento para comunicación e publicación do caso clínico cuberto polo/a alumno/a e firmado polo doente.</li></ul> <p>II.- Memoria das actividades do servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatología:</p> <p>Ila.- Memoria Servizo de COT</p> <p>Entrega da memoria cos seguintes apartados: 50% ou 5 puntos</p> <ol style="list-style-type: none"><li>a) Identificación: Nome e apelidos, correo electrónico e grupo de Practicum</li><li>b) Calendario do grupo prácticas e lugar de realización</li><li>c) Descrición detallada das actividades de realizadas en<ol style="list-style-type: none"><li>i. Unidade de Hospitalización</li><li>ii. Consultas externas</li><li>iii. Quirófano convencional</li><li>iv. Quirófano de CMA (Cirurxía Maior Ambulatoria)</li><li>v. Sesións clínicas</li></ol></li></ol> <p>Presentación da memoria no prazo establecido (15 días post-rotación): 10% ou 1 punto</p> <p>A extensión da memoria será de 5 folios como máximo.</p> <p>-Análise crítica das tarefas realizadas durante a rotación COT</p> <p>Análise crítica das tarefas realizadas durante a rotación: 10% ou 1 punto</p> <p>IIb.-Casos clínicos relevantes COT</p> <p>Descrición de 2 casos clínicos relevantes: 20% ou 2 puntos</p> <p>IIc.-Descrición de bibliografía consultada durante a rotación COT</p> <p>Descrición de bibliografía consultada durante a rotación: 10% ou 1 punto</p>
Objective test	<p>Os días de xaneiro marcados no calendario oficial de exames, realizaranse ao longo dos mesmos un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa.</p> <p>Este exame será de carácter práctico clínico, con pacientes reais sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica polo que ademais incluírase unha proba escrita dentro do mesmo correspondente ao Servizo de Quiropodología e Cirurxía do pé.</p> <p>O exame erá elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada servizo.</p> <p>O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame. Este exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodología e Cirurxía do pé e outra correspondente co Servizo de Patoloxía mecánica e Tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p>





## Personalized attention

Methodologies	Description
Student portfolio	<p>O alumnado poderá realizar consúltalas pertinentes aos docentes de cada servizo cos que realice os casos clínicos, preferentemente co docente co que viu por primeira vez ao ou á paciente e aquel que avaliará dita tarefa.</p> <p>Todos os asuntos relacionados coa organización e planificación da materia deben de ser remitidos ao correo do profesor coordinador da materia.</p>

## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Objective test	A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A52 A51 A50 A55 A54 A53 A62 A60 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A33 A64	<p>Ao longo dos días de xaneiro marcados no calendario oficial de exames, realizarase exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa.</p> <p>Este exame será de carácter práctico clínico con pacientes reais, sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica. Será elaborado en consenso polo conxunto dos docentes de cada servizo. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>Este exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodología e Cirurxía do pé e outra correspondente co Servizo de Patoloxía mecánica e Tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame Quiropodología e Cirurxía=20 %; Exame patomecánica-ortopodología=20 %</p>	40
Student portfolio	A49 B12 B1 C3 C4 C6 C7 C8	<p>A cualificación desta parte consiste na avaliación de todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron nas sesións clínicas e seminarios descritos na planificación e metodoloxía do portafolios</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado do portafolio será:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>I- Caso clínico = 14%</li><li>II- Memoria das actividades do servizo de Cirurxía Ortopédica e Traumatología (COT) = 6%</li></ul> <p>Non sendo necesario superar cada apartado para superar o portafolio e a materia.</p> <p>Nos casos clínicos xustificaranse os procedementos realizados e valorarán as alternativas en base á bibliografía científica, o grao de evidencia e documentación fotográfica así como a calidade xeral de mesmo, así como a adaptación aos formatos e apartados marcados.</p>	20



Clinical practice placement	A64 A62 A60 A55 A54 A53 A52 A51 A50 A48 A47 A46 A45 A44 A43 A42 A41 A40 A39 A38 A37 A36 A35 A33 B2 B3 B4 B6 B7 B11 B14 B16 B17 B18 B19 B21 C1	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumnado das competencias a desenvolver neste Prácticum II. A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que cada profesor recollerá nas prácticas supervisadas do seu servizo.</p> <p>A porcentaxe global de cada servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Prácticas Quiropodología e Cirurxía= 16 %</li><li>- Prácticas Patomecánica-Ortopodología= 16 %</li><li>- Prácticas Traumatología= 5 %</li><li>- Prácticas Externas e Hospitalarias (outros servizos: Cámara Hiperbárica...)= 2 %</li><li>- Prácticas sobre xestión e esterilización na CUP= 1 %</li></ul> <p>Sendo necesario superar cada apartado (5/10) para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems nunha ficha individual por cada alumno/a:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Capacidade de expresión e comunicación cos e coas pacientes, compañeiros e compañeiras e resto do persoal.</li><li>- Cos e coas pacientes valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica</li><li>- Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico</li><li>- Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación de tratamentos</li><li>- Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación</li><li>- Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo</li></ul> <p>Durante as prácticas clínicas cada alumno/a deberá de portar o cartón identificativo, a indumentaria de prácticas (pixama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores, rotulador permanente, rotulador borrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos ou lentes, máscara ou máscara de protección.</p>	40
-----------------------------	---	--	----

Assessment comments



Condições a ter en conta para superar o Prácticum 2: 1) É obrigatorio asistir ao 100% das prácticas clínicas. O alumnado que falte aínda de forma xustificada a un número de prácticas maior a 8 faltas e aínda que só sexa unha non xustificada suporá un suspenso no Prácticum 2 debendo de matricularse no seguinte curso académico. En calquera caso un número de faltas ás prácticas superior ao 30% suporá automaticamente a cualificación de Non Presentado no conxunto da materia tanto para a primeira como para a segunda oportunidade, debendo de matricularse no seguinte curso académico.

2) Para superar a materia será necesario aprobar cada un dos apartados da avaliación continua e exame así como obter unha cualificación global mínima de 5 sobre 10. Os/as alumnos/as que non superen a puntuación mínima ou non se presenten ao exame individual na convocatoria de xaneiro terán opción a facelo na convocatoria de xullo. Na avaliación de 2ª oportunidade (mes de xullo) só hai opción ao exame e o portafolio da materia polo que si avaliación continua está suspensa o/a alumno/a estará suspenso no Prácticum 2 debendo de matricularse no seguinte curso académico.

3) Calquera falta de disciplina ou comportamento cos doentes, compañeiros/as, profesorado ou persoal da CUP, así como faltas reiteradas ás normas de funcionamento da CUP, do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente, será sometida a avaliación polo claustro de profesorado da materia e pode supor o suspenso automático no Prácticum 2:

Falar e permanecer nos corredores ou en recepción. Utilizar o teléfono móbil durante as prácticas. Escouitar música durante as prácticas. Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP. Non rexistrar e comprobar os datos da historia clínica, rexistralos na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos) ou as tarefas realizadas por cada alumno/a e profesor/a responsable. Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso. Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por parte do docente responsable da atención. Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica. Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CPI ou cafetería). Non portar o cartón identificativo, indumentaria de prácticas (pixama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores, rotulador permanente, rotulador borrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos, lentes e máscara ou máscara de protección. Non manter un aseo adecuado incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras. Calquera outro incumprimento das normas da CUP (<http://www.udc.es/fep/cup>) Situacións especiais de avaliación 1) A cualificación de matrícula de honra: dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia.

2) Segunda oportunidade: Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum II debido á cualificación do Portafolio do/a alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.

3) Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia novamente.

4) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma convocatoria.

5) Para o alumnado con matrícula parcial: poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos, sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a materia coa cualificación de N.P. e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria.

6) Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que soliciten a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 40% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 60% da cualificación da materia. 7) Non presentado: aqueles/as alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia a súa cualificación será automaticamente de Non Presentado (para calqueira das oportunidades do curso).

8) Alumnado de mobilidade (Erasmus, SICUE, Bilateral): A cualificación do alumnado de mobilidade (Erasmus, SICUE, Bilateral) realizarase só pola avaliación continua en caso de suspenso poderán recuperar no exame da materia. Estes distribuiranse entre todos os grupos de prácticas. 9) Mentorización ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todos/as os/as alumnos/as que polo menos obtivesen unha cualificación de notable no Prácticum 1 priorizando a aqueles/as alumnos/as obtivesen unha maior cualificación no Prácticum 1 e

os/as que en cursos anteriores realizasen unha estancia de mobilidade noutro país. Dita proposta deberá de realizarse por cada alumno/a que estea interesado en participar como mentor/a dentro da actividade Moodle onde voluntariamente cada solicitante achegará unha copia do seu expediente e xustificantes de realizar algunha estancia de mobilidade en cursos anteriores a fin de que sexa valorado polo conxunto de docentes da materia. A participación como mentor/a sumará ata +0,5 á súa cualificación final da materia.



Sources of information

<p><b>Basic</b></p>	<p>Teniendo en cuenta que todos los contenidos teórico-prácticos de la titulación son relevantes para el ejercicio profesional y, por el mismo motivo, para las prácticas clínicas, las fuentes de información básicas y recomendadas por todas y cada una de las materias conforman las fuentes de información para consulta y estudio durante la realización de las prácticas clínicas comprendidas en el Prácticum.No obstante, existen determinadas fuentes documentales de gran utilidad para su consulta durante la práctica clínica del día a día y que concretará el profesorado que supervise las prácticas clínicas de los diferentes servicios de la Clínica Universitaria de Podología.Un ejemplo de estas fuentes documentales de uso cotidiano: Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007 Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010 Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997 Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 4ª ed. España: Eviescience; 2009 Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 3ª ed. Madrid: Elsevier; 2006 Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006 Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010 Kevin A Kirby. Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior I. Colección de una Década de Artículos de Precisión Intracast. Arizona: Precisión Intracast, 1997. Kevin A Kirby. Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior II. Artículos de Precisión Intracast: 1997-2002. Arizona: Precisión Intracast, 2002. Kevin A Kirby. Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior III. Artículos de Precisión Intracast: 2002-2008. Arizona: Precisión Intracast, 2009. Kevin A Kirby. Biomecánica del Pie y la Extremidad Inferior IV. Artículos de Precisión Intracast: 2009-2013. Arizona: Precisión Intracast, 2015. Merton L. Roor, William P. Orien y John H. Weed. Función normal y anormal del pie. Barcelona: Editorial Base, 2012 Ana Esther Levy Benasuly, Jose Manuel Cirtés Barragán. Ortopodología y aparato locomotor. Ortopedia de pie y tobillo. Barcelona: Masson, 2003. Santiago Gómez Ortiz, Santiago Gómez Facundo. Guía Farmacológica en Podología. Barcelona: ISDIN, 2015. [disponible en: <a href="http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PUBLICACIONS/Podemecum.pdf">http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PUBLICACIONS/Podemecum.pdf</a>] Comisión de formación del CGCOP. Guía de Protocolos de Pie Diabético. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos, 2011. [disponible en: <a href="http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PUBLICACIONS/PROTOCOLOS_PIE_DIABETICO[1].pdf">http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PUBLICACIONS/PROTOCOLOS_PIE_DIABETICO[1].pdf</a>] Comisión de formación del CGCOP. Guía de Protocolos de Exploración y Biomecánica. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos, 2010. [disponible en: <a href="http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PROTOCOLO_QUIRURGICO_WEB.pdf">http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PROTOCOLO_QUIRURGICO_WEB.pdf</a>] Comisión de formación del CGCOP. Guía práctica de protocolos quirúrgicos en Podología. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos, 2009. [disponible en: <a href="http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PROTOCOLO_QUIRURGICO_WEB.pdf">http://www.podocat.com/Portals/0/PDF/PROTOCOLO_QUIRURGICO_WEB.pdf</a>]</p>
<p><b>Complementary</b></p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



General Human Anatomy /750G02001  
Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02002  
General Physiology/750G02003  
Physiology of Systems/750G02004  
Biology/750G02005  
Psychology/750G02006  
Microbiology and Parasitology/750G02007  
General Pathology/750G02008  
Pharmacology/750G02009  
Information and Communication Systems in Health Science/750G02010  
Scientific Method and Public Health/750G02011  
General Podiatry/750G02012  
Biomechanics of the Lower Limb/750G02013  
Radiology and Radiation Protection/750G02014  
Preventive Podiatry/750G02015  
Podiatric Orthopedics 1/750G02017  
Podiatric Orthopedics 2/750G02018  
Podiatric Orthopedics 3/750G02019  
Digital Orthopedics and Footwear Therapy/750G02020  
Podiatric Pathology 1/750G02021  
Podiatric Pathology 2/750G02022  
Physical Podiatry/750G02023  
Dermatology/750G02026  
Chiropody 1/750G02027  
Chiropody 2/750G02028  
Podiatric Surgery 1/750G02029  
Podiatric Surgery 2/750G02030  
Infection Prevention Techniques and Procedures/750G02032

**Subjects that are recommended to be taken simultaneously**

Pharmacological Therapy/750G02024  
Sports Podiatry/750G02025  
Diabetic Foot/750G02031

**Subjects that continue the syllabus**

Practicum 3/750G02035

**Other comments**



O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o primeiro cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente no primeiro cuatrimestre do 4º curso de grao, son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno que cursa a materia de Prácticum II, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número

5:

Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green

Campus Ferrol" A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos,

no caso de se realizar en papel:

non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado

e evitarase a impresión

de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos

e a prevención de impactos negativos sobre

o medio natural tendo en

conta a importancia dos principios

éticos relacionados cos valores da sostenibilidade

nos

comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón

físicas, sensoriais, psíquicas

ou socioculturais, experimenten

dificultades a un acceso axeitado, igualitario

e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para

modificalos e fomentar valores de

respecto e igualdade, no caso de detectar

situacións de

discriminación por razón de

xénero tomaranse medidas para corrixilas. A fin de facilitar a

conciliación familiar do profesorado do Practicum 2 aqueles docentes que

así o estimen, poderán acordar cos alumnos/as que correspondan en cada

rotación o troco de hora de inicio y fin de la práctica notificándoo ó persoal da CUP. Na

realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non

orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da

súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso

(0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias

ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.



(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.